

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 102

ano 17

setembro-outubro 2023

A OLARÍA FEMININA EN OURENSE


Entre as distintas tipoloxías documentais que integran o *Catastro de Ensenada* de mediados do século XVIII, os *Interrogatorios* ou *Respostas Xerais* son as que achegan unha información máis ampla sobre as entidades de poboación catastradas. Trátase dun cuestionario de corenta preguntas que inquiren sobre os máis variados asuntos de xeito que as súas respostas ofrecen unha imaxe moi completa da economía e da sociedade desa época. Nas preguntas 31 a 35 pescúdense sobre as persoas que desenvolvían actividades distintas da labranza, o que permite coñecer a composición socioprofesional de cada localidade. Ademais, ao final dos *Interrogatorios* e dos *Libros Reais de Leigos* adoita anexarse unha listaxe de persoas agrupadas pola actividade profesional que desenvolvían.

Este é o caso do documento que protagoniza este número de *Fronda*, referido á parroquia de San Martiño (actual concello do Bolo). Na listaxe aparece un apartado dedicado ás oleiras ("olleras"), no que se enumeran as mulleres dedicadas a este oficio que tamén atopamos no *Libro Persoal de Leigos* do mesmo *Catastro*. Así sabemos que as dezanove oleiras que se computan residían na aldea do Seixo, e que se repartían entre dezaioito das vinte e sete familias desa aldea. De feito, O Seixo, posteriormente constituída en parroquia, foi un dos principais enclaves da olaría feminina da provincia de Ourense.

Na listaxe de oficios calcúlanselles unhas ganancias de noventa reais anuais a cada unha das oleiras "por razón de industria y tráfico", o que revela que tanto se dedicaban á fabricación como á venda. Na listaxe da parroquia veciña de San Vitor de Portomourisco (actual concello de Petín) compútanse ata vinte e sete oleiras, que gañaban uns 80 reais anuais cada unha. A desaparición desta actividade nas localidades mencionadas sitúase na primeira metade do século XX.

O documento que aparece no dorso reproduce o fragmento da listaxe de "alfareros" da parroquia de Sta. Mª de Niñodagua (actual concello de Xunqueira de Espadanedo). A diferenza das localidades mencionadas, enuméranse vinte e sete varóns sen que se documenten mulleres oleiras. Tamén se trata dun enclave especializado na olaría, un dos poucos da provincia de Ourense nos que aínda se

mantén esta actividade. Nun primeiro grupo cítanse os "maestros de hacer ollas y pucheros de barro en cuio ejercicio ocupan quatro meses del año", é dicir, como actividade complementaria. Os seguintes grupos de oleiros perciben menores ganancias a pesar de ocupar o mesmo tempo nese labor. En todo caso, a media total dos ingresos anuais destes homes (140 reais) era superior á media das ganancias das oleiras do Seixo e de Portomourisco (83,25 reais).




1752, setembro, 17. Vila do Bolo
Enumeración de oleiras na listaxe de oficios do *Catastro de Ensenada* correspondente á parroquia de San Martiño (O Bolo).

Papel; escritura humanística; castelán; 310 X 210 mm
AHPOu, Real Intendencia de Galicia, L. 1369, fol. 27 v.

Breve historia da olaría galega

A olaría é unha actividade artesanal consistente en fabricar olas ou outros obxectos de louza cun gran valor para a vida cotiá das xentes do pasado. En Galicia está ben documentada na época castrexa. Con todo, téñense achado vestixios que permiten falar dunha cerámica precastrexa cuxa datación podería situarse arredor do V milenio a. C. Non hai que descartar a posible aparición de restos máis antigos.

Considérase que a súa primeira funcionalidade estaría relacionada con actos cultuais e funerarios, para posteriormente ir adquirindo un papel vinculado a un uso doméstico (almacenaxe e transporte de certos produtos, etc.). Ambas as funcionalidades mantivéronse durante a Idade Media.



Oleiros que aparecen na listaxe de oficios do *Catastro de Ensenada* correspondente á parroquia de Niñodagua (Xunqueira de Espadanedo). AHPOu, *Real Intendencia de Galicia*, L. 389, fol. 609 r.

Co devir do tempo o uso dos produtos procedentes da olaría fíxose propio do campesiñado e das clases humildes do mundo urbano, xa que os estamentos privilexiados podían acceder a produtos realizados con materiais mellor considerados, como o ferro, o cobre ou o estaño. Tamén co paso dos anos a olaría foi adquirindo unha maior relevancia económica. Inicialmente tratábase dunha actividade complementaria -como explícita o *Catastro de Ensenada* de Niñodagua-, aproveitando os períodos nos que o traballo agrícola era menos intenso.

Supuña unha parte moi importante da economía familiar destas localidades na medida en que estaban situadas en zonas de montaña, circunstancia que limitaba moito a capacidade produtiva da súa agricultura por razóns climáticas e xeomorfolóxicas. De feito, esta actividade irá tomando maior protagonismo nas vidas dos labregos ata adquirir o valor de profesión como tal. Así, no século XIX aínda podemos falar dunha produción baseada no autoconsumo doméstico, debido ao illamento

xeográfico e ás malas comunicacións, que non permitían unha óptima comercialización.

Porén, a finais dese século e comezos do XX xa se pode falar dunha clara expansión que leva á aparición de enclaves especializados nesta actividade. Reunían un número considerable de oleiros e oleiras e dirixían a maior parte da súa produción cara ao mercado, o que permitiu que puidese sobrevivir ata hoxe nalgúns lugares. As fornadas levábanse ás feiras espalladas por toda a contorna ourensá, onde se vendían a cambio dunhas poucas moedas ou a través do troco por outros produtos como patacas, castañas ou millo. De entre todas as creacións destacan, sobre todo, as que tiñan un uso doméstico máis cotiá, como son as barreñas, cuncas, chocolateiras, xerras ou tixolas.

Logo da Guerra Civil (1936-1939), a emigración e a aparición de novos materiais de menor custo, como o plástico, farán que esta actividade vaia decaendo, cunha certa reponta na década de 1970, ata chegar ao día de hoxe, en que son moi escasas as persoas dedicadas á olaría tradicional.

Muller e olaría en Ourense

Na provincia de Ourense, ademais dos enclaves oleiros citados, houbo outros como San Tomé (Cartelle), Ramirás (Castrelo de Miño), Loñoá das Olas (Pereiro de Aguiar) ou Tioira (Maceda). Adoitábase pensar que eran os homes os que desenvolvían este oficio ou os que realizaban o que se consideran as funcións principais da olaría (torneado, decoración e cocción), tarefas que necesitaban dunha maior pericia. En cambio, ás mulleres atribuían-lles as competencias secundarias: preparación, secado, achega de materiais e leña á zona de cocción, así como a venda das pezas.

Porén, hoxe sábese que isto non foi así e que a muller controlaba todo o proceso produtivo da olaría nun número considerable de localidades ourensás. Polo xeral, era nas cociñas onde torneaban e daban forma ao barro, mentres que a cocción podía facerse en fogueiras ao aire libre ou en fornos comunais que tamén se usaban para o pan. Á parte das oleiras, en certas zonas de Ourense destacaba a figura da "regateira", mulleres que compraban a produción oleira para vendela despois nas feiras.

En Portomourisco, San Tomé, Ramirás ou no Seixo xa se documenta esta olaría feminina a mediados do século XVIII. Gundivós (concello de Sober), localidade da provincia de Lugo moi próxima a Ourense, é outro exemplo no que as mulleres oleiras tiveron certa relevancia, aínda que eran maioría os oleiros. Todos estes casos serven como exemplos que evidencian que tanto homes como mulleres poden desenvolver labores idénticos, sen que sexan a forza ou a pericia as que determinen que os desenvolva un determinado xénero.

Texto: Laura García González. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491